

NOTA INFORMATIVA

PROBA DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA DO PROCESO SELECTIVO NA CATEGORÍA DE ORDENANZA RESERVADA A PERSOAS QUE ACREDITEN DISCAPACIDADE INTELECTUAL

(CONVOCATORIA DO 3 DE ABRIL DO 2025)

De conformidade co Acordo do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo lémbrese que:

- O exercicio terá lugar o día **1 de outubro do 2026**. O chamamento único comezará ás **16:30** horas, na **Facultade de Ciencias da Comunicación da USC** (Campus Norte, Avda. de Castelao S/N, Santiago de Compostela).
- Os/as participantes deberán esperar no hall de entrada da facultade para ser acompañadas polas persoas encargadas da organización.
- A esta proba só deben acudir as persoas convocadas polo Acordo do 10 de setembro de 2026 do tribunal cualificador, que son aquelas que non presentaron o xustificante de estar en posesión do título de galego correspondente.
- As persoas aspirantes deberán ir provistas do seu documento nacional de identidade, pasaporte ou carné de conducir (documento orixinal) e de bolígrafo de cor azul ou negra NON BORRABLE.
- Non se permitirá o acceso á aula onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida dos mencionados dispositivos.
- As instrucións por escrito para cubrir o cuestionario entregaranse na mesa do exame de cada persoa aspirante. Estas instrucións serán publicadas, así mesmo, na páxina web da Corporación (<https://www.crtvg.gal/gl/convocatoria-ordenanza-discapacidade-intelectual>) no día de hoxe.